

VII Asemblea da CONSEU

Val de Aosta. 12-14 de Outubro de 2007

As nacións sen estado e a reforma das institucións internacionais

Intervención de Xosé Manuel Beiras.

Presidente da Fundación Galiza Sempre. Galiza.

I. Nacións sen Estado

“... a nación é un fenómeno social. A nación non é unha suma de individuos, senón que cada individuo é o produto da nación, e o feito de que todos íles sexan o produto da mesma sociedade convírteos nunha comunidade. (...) De xeito que a nación non debe a súa existencia a estatutos externos, senón que pre-existe – lóxicamente e non historicamente- a todo estatuto”.

Otto Bauer, *A cuestión das nacionalidades e a socialdemocracia*, 1907, cap. 10.

En boa lóxica da historia, algo tan sinxelo e diáfano coma o contido dese párrafo, escrito hai cen anos, debéra estar socialmente asumido e integrado, dende hai tempo, na avenza común da nosa cultura política –polo menos da europea. Mais os feitos semellan indicar que non é así. E que non o sexa, que ese pensamento non esteña incorporado á cosmovisión política da dereita verbo das cuestións nacionais, aínda resultaría espicábel na medida en que esa dereita teime en permanecer recluída nos proxectos chovinistas ancestrais –cousa abondo grave de seu para o estado de saúde de calquera cultura democrática. Ao cabo, Otto Bauer era a máis preclara cabeza pensante do austro-marxismo no primeiro cuarterón do s. XX, particularmente a respecto das cuestións nacionais. Pero máis grave aínda é que ese seu diáfano e sinxelo aserto tampouco está asumido pola esquerda actual nen, portanto, integrado na súa cultura política –e refirome, restritivamente, á esquerda presente nas institucións do poder.

Ben pensado, o que está a acontecer coa linguaxe política ao uso arredor da verba “nación”, encaixa na penetrante diagnose que, hai xa ben tempo, fixera Roland Barthes nas suas *Mythologies*. Relembramos: Barthes, nesa colección de artigos, matinaba encol dos “mitos da vida cotián” na Franza de hai meio século. Consideraba que a noción de mito cadraba ben para dar conta das “falsas evidencias” coas que a lingua e o discurso do “sentido común” establecido aduviaban a descrición da realidade. Ao revelar a súa índole de “mitos”, Barthes puña ao descuberto “o abuso ideolóxico” agochado nesas “falsas evidencias”. Parecenos acaidamente aplicábel, por exemplo, ás leituras chovinas que se están a facer hoxe da definición de España como nación recollida no texto constitucional vixente. Pero seguramente non levamos razón, poisque esa definición constitucional está formulada como un axioma, e os axiomas non son un punto de chegada dun proceso discursivo, senón un punto de partida dunha argumentación –ou dunha apoloxética. Ou sexa: un axioma, lóxicamente, non é discutíbel nen sometíbel a demostración, mesmamente porque é o enunciado dunha *evidencia*. Menos aínda será, portanto, catalogábel como “mito” no senso de Barthes – porque non pode ser unha “falsa evidencia”, vade retro.

Mais, fóra sarcasmos, vexamos que é unha “nación” para Bauer. A formulación dese concepto faina en dúas versións consecutivas: a segunda é unha reformulación da primeira, como resultado dun proceso de reflexión sobre o seu contido. A primeira: a nación é “unha comunidade de carácter que se constitúe a partir dunha comunidade de destino”. A segunda: “A nación é o conxunto dos seres humanos vencellados pola comunidade de destino nunha comunidade de carácter”. Traduzamos. Bauer denomina “comunidade de destino” ao resultado da combinación dunha “comunidade de orixe” –a forxa dun povo pola historia- cunha “comunidade de cultura”- que implica unha comunidade de comunicación, e de aí a relevancia do idioma propio forxado no mesmo proceso que a cultura xenuína. En fin, a “comunidade de carácter” ven ser a expresión identitaria do conxunto dos seres humanos que constitúen a comunidade nacional.

Portanto a nación non é un feito político, no habitual senso sesgadamente superestrutural co que adoita connotarse e empregarse ese termo. A nación “é un fenómeno social” forxado no decurso da historia a partir dun núcleo identitario inicial, a



Fundación
GALIZA
SEMPRE

comunidade “de orixe” –frecuentemente un grupo étnico, non no senso restritivo “racial”, senón no máis amplo e polimorfo da antropoloxía social e cultural. En calquer caso, nada ten a ver co Estado ou calquer forma de superestrutura xurídico-política. O normal é que unha “comunidade nacional”, se está afincada nun territorio –que pode non estar e non deixar de ser nación- se dote dun aparello xurídico-político e acabe por construír un Estado. Dicimos Estado, xenéricamente, e non Estado moderno: moitas nacións construíron o seu estado en etapas históricas moi anteriores, e o concepto de nación que elabora Bauer non se restrinxe ao ciclo moderno da historia europea. Mais, caso de non acontecer iso, a nación non deixa de ser tal como “fenómeno social” – millor diríamos, se cadra, “sociopolítico”, como contraposto a “político-institucional”.

No contexto desta disección conceitual, cobra o seu pleno sentido a rotunda aseveración que remata a cita inicial de Bauer: “De xeito que a nación *non debe a sua existencia* a estatutos externos, senón que *pre-existe (...) a todo estatuto*”. Infortunado Otto Bauer. Hoxe a relación entre eses dous termos da “cuestión nacional” –nación e estado, nación como feito sociopolítico e “status” xurídico-político desa “comunidade”- enfócanse exactamente ao revés até mesmo os herdeiros da cosmovisión social-demócrata –marxista daquela- que o pensamento de Bauer contribuíra decisivamente a esclarecer. Por exemplo: hai nación española porque o texto constitucional a “estatúe”. Non hai nación galega, nen catalá, nen vasca, porque ese mesmo texto, ese “estatuto externo”, négalles a existencia. E inversamente: só as haberá se os seus estatutos así o afirman.

“a nosa comprensión da relación entre a nación e o Estado apousa sobre a nosa representación da relación da nación co chan. (...) O Estado naceu como *corporación territorial* cando a distribución territorial descompuxo e ao cabo eliminou a anterga constitución parental. (...) Dende un punto de vista xurídico formal, o Estado moderno é a corporación territorial soberana. (...) Nen mesmo a colectividade do porvir poderá prescindir do atributo da soberanía”.

Otto Bauer, *A cuestión das nacionalidades e a socialdemocracia*, 1907, cap. 30.

Na historia e na orde social –que certamente nada teñen de “natural”, mal que lles pese aos ultraliberais- o estado é o soporte institucional da sociedade e, portanto, da “comunidade nacional”. Voltemos a Bauer: “a nación é un fenómeno social”, e non unha construción superestrutural. A “comunidade nacional” pre-existe, ten existencia lóxica anterior “a todo estatuto”, ou sexa, a toda formalización xurídico-política da súa existencia. A sociedade pode existir, e de feito historicamente existiu, sen existencia do que entendemos por Estado. A nación, como feito social, tamén. Igual que pode existir a nación sen territorio delimitado. Como existe –dío Löwy, non nós- unha nación negra en Norteamérica –poisque non é só unha “raza”. E de feito Bauer sinala, con penetrante agudeza, que o territorio non é un dos elementos definitorios da nación, senón unha “condición de eficacia dos outros elementos”, os definitorios, cando unha comunidade nacional está asentada nun espazo territorial que determina unha “comunidade de habitación”. E engade isto: “é sobre a nosa representación da relación da nación co sólo sobre o que apousa a nosa comprensión da relación que mantén a nación co Estado, que é a corporación territorial máis importante”¹.

¹ Deberían ter sabido os constituíntes españois que tentaron resolver o encaixe das nosas custións nacionais mediante “a *organización territorial* do Estado” –que é como literalmente se rotula o desafortunado título VIII da constitución de 1978. A organización territorial do aparello do estado é unha custión de dereito administrativo –o da “administración territorial” ou “local”, mesmamente –e non de dereito político nen de teoría do Estado. O problema constitucional a resolver, xa que logo, non é de “descentralización” político-administrativa territorial, senón de articulación de poderes políticos, que en democracia dimanan da “soberanía popular”, cando a cidadanía titular deses poderes soberanos non constitue unha soa nación, senón varias, e optan por pactar a súa vertebración nunha superestruturura plurinacional no canto de construíren cadanseu estado independente. Eis o “pacto federal” ou “confederal” –única fórmula de vertebración que dá encaixe acáido a esa articulación de poderes e solución correcta, en teoría do Estado, a unha realidade plurinacional como “fenómeno social”. Esa foi precisamente a reflexión que pensadores de esquerda como Bauer desenvolveron na súa esculca sobre a natureza das custións nacionais e en

“hoxendía a burguesía esluése na nación. (Pero) o sustrato político está aí, a carón, e de súpeto maniféstase nunha dada circunstancia: na Cámara, hai partidos ‘nacionais’, e o sincretismo nominal pregoa aí o que pretendía ocultar: unha disparidade esencial”.

Roland Barthes, *Mythologies*, 1957.

Nas *Mythologies* de Barthes—quén diría que están escritas hai medio século—topamos cunha frase que ven a conto do que estamos a relatar: “eu reclamo vivir plenamente a contradición do meu tempo, que pode facer dun sarcasmo a condición da verdade”. No caso que estamos a tratar, o sarcasmo ten as raigañas na realidade mesma. Portanto, iludilo, ou disfrazalo, sería faltar á verdade. Furtala, precisamente. Deixala permanecer oculta, agochada baixo o adubío do mito, que “é unha linguaxe”. “A semioloxía —dínos Barthes— aprendeunos que o mito ten por cometido fundar unha intención histórica en natureza, unha continxencia en eternidade”. Por exemplo: “o viño é obxetivamente bó, e *ao mesmo tempo* a bondade do viño é un mito: velaí a aporía” — ou sexa, a aseveración contraditoria na súa conclusión. Tentaremos espricarnos.

A ideoloxía liberal —é dicir burguesa— procedeu a convirter as realidades sociais en naturais, e as históricas en eternas, nomeadamente as da súa contemporaneidade socialmente configuradas e dominadas por ela. E fíxoo operando politicamente no marco do modelo denominado Estado-nación, ou nacional: “practicadas nacionalmente, as normas burguesas son vividas (socialmente) como as leis evidentes dunha orde natural”. Para levar a cabo ese proceder, esa ideoloxía tivo que valeirar esas realidades dos seus contidos concretos —des-sustancialos— e reducilas ás súas simples representacións abstractas e “universais”. Pero ademáis tivo que despoltizalas, mediante a súa conversión en mitos: na sociedade liberal —burguesa, repitamos— “o mito é unha palabra despoltizada”. No sentido profundo do termo “política”, como conxunto de

percura de criterios sólidos para daren solución aos problemas que plantexaban en termos de teoría do estado. Mais esa é precisamente a reflexión que non fixeron nen están a facer nen unha nen outra das formacións partidarias españolas hoxe confrontadas por mor do lerio das reformas estatutarias, co pano de fondo da constitución na penumbra.

relacións humanas na súa estrutura social e no seu poder de construír o mundo. Finalmente, o criador desa ideoloxía tivo que ocultarse, a empezar pola ocultación do seu nome: “a burguesía defínese como a clase social que non quere ser nomeada”.

Resulta curioso, pero é comprobabel. Non ten reparo en que se nomee o rexime económico que domina, o capitalismo: incluso fai profesión dil. Resistese en troques á identificación política: ningún partido se denomina “burgués” -nen tan sequer “conservador” no espazo europeo continental. Disfrázase con diversas elipses e denominacións elusivas e invasoras de ámbitos non peculiares: democracia (adoito cristián), república (francesa). En “celtiberia” chegou a usurpar, nominalmente, e a perverter, por inversión, o atributo de “popular”, nada menos –que, por certo, fixo fortuna extensiva a nivel da UE. Mais o nivel no que a burguesía oculta máis estritamente a súa identidade é precisamente o ideolóxico: nil, como é natural, é no que máis se esforza en pasar ao anonimato o pai da criatura fraudulenta, do mito transformista da realidade.

Pois velaí que na historia dos estados europeos construídos por revolucións burguesas, a elusión do apelido burgués adoitou facerse “a traveso da idea de *nación*”, di Barthes. Millor dito: dunha determinada idea ou concepto de nación: precisamente a que identificaba nación con Estado, que construíu o edificio teórico do Estado-nación, e acabou definindo a nación polo Estado, nunha inversión característica da funcionalidade do mito: valeirar as realidades socio-históricas dos seus concretos contidos sustanciais e substituílos pola súa sublimación en representacións formais e superestruturais.

E así chégase a un concepto deturpado de nación, como “fundamento” do Estado, inventada e definida polo Estado mesmo na súa constitución –velaí de novo a aporía, agora ademais tautoloxía tamén, outra das características barthiáns do mito, ou das súas formas retóricas. De paso, nesa deriva fundamentalista –ésa sí- a nación despolitízase. É dicir, o mito “nación” así elaborado oculta a realidade da estrutura social, da composición e dominación de clases, das conflitivas contradicións dialécticas entre elas. E máis dalgo cuxa ocultación resulta crucial para manter a alienación do común dos

cidadáns: o contido de clase do poder político e, portanto, do Estado democráticamente constituído.

Unha das frases barthiáns citadas máis arriba, di que a existencia na cámara parlamentar francesa de partidos “nacionais” desvelaba unha “disparidade esencial” que esa denominación pretendía ocultar. Refírese á disparidade de clases existentes na sociedade francesa, que aquela invocación mítica da nación tentaba ocultar, reducindo a realidade social a unha amalgama amorfa, sen estrutura interna. No caso español, ademáis da estrutura de clases, o mito da nación –española- agocha e mesmo tenciona negar outra segunda “disparidade esencial” da realidade social: a súa índole plurinacional –no único sentido non mítico, senón obxectivo e sociohistórico do concepto.

Pois ben. Esa dimensión peculiar do mito nacional español oculta a verdadeira esplicación causal do enguedello autonómico actualmente escenificado en comedia de reformas estatutarias orientadas a eludir calquer reforma sustantiva. Porque calquer reforma sustantiva da articulación política da realidade plurinacional require a modificación cualitativa do estatus político de cada unha das nacións-sen-estado existentes. Mais iso esixe abordar en termos de teoría do estado un problema do que case todos fuxen coma gato escaldado: o artellamento plurinacional de fontes democráticas de poder, ou sexa, de soberanías políticas, de soberanías nacionais. E para iso non valen reformas estatutarias nos casos galego, euskaldún e catalán. Máxime se a condición inexcusábel para seren admitidas é que non impliquen reforma da constitución. Porque esa reforma é mesmamente a operación indispensable para a solución política do problema. Noutras verbas: para as tres nacións-sen-estado, compren constitucións, en plural –e non estatutos- como base democrática para un pacto federal ou confederal re-constituínte dun Estado español de todos, e non dos de sempre.

Se estas reflexións son consideradas aceptábeis, deben servir para establecermos as bases conceptuais da procura de fórmulas adecuadas para resolver o problema da relación das nacións-sen-estado coas institucións políticas da comunidade internacional. Porque a articulación das nacións-sen-estado nas organizacións supraestatais resulta ser



Fundación
GALIZA
SEMPRE

análoga ao da súa articulación en deseños de aparatos de estado que abranguen espazos sociopolíticos plurinacionais.

Mais, na actualidade, ese problema sitúase nun contexto internacional condicionado por un fenómeno que atinxe á estrutura do sistema mundial: é o que se deu en denominar globalización. Convirá, portanto, facermos algunhas consideracións ao respecto.

II. Pobos e globalización

En efecto, para contextualizar a situación das nacións sen estado cómpre referirse ás mudanzas económicas, ideolóxicas e políticas que se veñen producindo nos últimos anos.

1. A “mundialización”

No eido socio-económico, decorre o proceso de transnacionalización do capital e correlativa metamorfose da DIT (División Internacional do Traballo) e máis das relacións capital-traballo e poder económico-poder político que, na fase actual, reviste a morfoloxía do fenómeno que se deu en denominar mundialización ou globalización. A transnacionalización como tal, xenericamente, vén de atrás. Acelérase e muda cualitativamente durante o ciclo longo que comeza despois da II Guerra Mundial e que remata na crise que se abre a mediados dos anos setenta. Nese período acontecen varias mutacións cardinais. Sinalemos tres delas:

1ª) O ascenso das grandes corporacións transnacionais á posición hexemónica no tecido empresarial internacional.

2ª) A apertura de procesos de integración económica institucionalizada en mercados “comúns” de ámbito supraestatal, favorecedores da estratexia do capital transnacional nos espazos obxecto de integración.

3ª) Unha transformación paulatina na estrutura das relacións centro-periferia dentro do sistema económico mundial.

Mais na fase da mundialización, desde comezos dos anos oitenta, sobreveñen mutacións adicionais inéditas:

A) O ascenso á hexemonía das formas e os circuitos do capital-diñeiro (e por tanto, dos mercados financeiros) sobre os do capital-productivo (capitalismo industrial).

B) A correlativa primacía das políticas monetarias sobre as políticas de desenvolvemento, tanto de países como de espazos supraestatais integrados ou en proceso de integración (CEE-UE).

C) O deterioro ou ruptura das pautas e métodos da “concertación social” nas relacións capital-traballo nas sociedades do centro do sistema, como consecuencia do tránsito da hexemonía do capital-productivo á do capital-diñeiro e da imposición da lóxica do segundo ao comportamento do primeiro.

A existencia de socios dominantes (grandes transnacionais e banca internacional) e a imposición de regras de xogo asimétricas nas transaccións económicas (producción, comercio, investimento, diñeiro, divisas, activos financeiros) por organismos como o FMI, o BM, a OMC, a OCDE, o G-7 ou a mesma UE, configuran un proceso mundializador xerarquizado, desigual, e con importantes consecuencias, tanto cara á posibilidade de formulación dunha estratexia de desenvolvemento autocentrado, acorde coas necesidades específicas de cada país, como no incremento da vulnerabilidade e inestabilidade das economías, da dependencia, disfrazada de interdependencia, por efecto das decisións adoptadas por axentes alleos, sen control posíbel sobre as mesmas.

Para nós, resultan de especial relevancia as implicacións que se derivan da mundialización en termos de progresiva destrución das bases materiais e distorsión das estruturas económicas e morfoloxías sociais xenuínas das realidades nacionais, pois esas implicacións resultan especialmente graves cando se trata de nacións sen Estado e, por tanto, inermes no plano político-institucional por careceren de soberanía política exercíbel cun aparello de Estado propio.

Poñamos, por exemplo, no caso da Galiza, o impacto distorsionador dos condicionantes dados polo contexto externo, tanto máis relevantes canto que a economía galega fora sempre nos tempos modernos como unha célula sen membrana, un organismo esfolado, un espazo sen fronteiras. Quero dicir que as fronteiras non son un fenómeno físico, nin xeográfico, nin económico, senón institucional. As fronteiras



Fundación
GALIZA
SEMPRE

son fenómenos institucionais, márcanas institucións como as alfándegas e os aranceis, a moeda de curso legal, o sistema tributario, o dereito civil ou laboral - e, no cumial, o ordenamento xurídico-político do poder do Estado, cun ámbito territorial e cidadán de vixencia. De case que todo isto careceu Galiza sempre dende o amencer da idade moderna : en todo ese período, "Galiza sen fronteiras" foi unha realidade sempre - non era preciso reivindicala para entrarmos na post-modernidade. Esa carencia de aparato de estado propio foi un factor determinante do confinamento da Galiza no espazo socioeconómico que Dudley Seers definiu como “Europa periférica”.

Desde 1981, a creación de institucións políticas autonómicas, cuns ámbitos persoal e territorial de poder, dotaba dalgunha forma de fronteiras á formación social galega. Mais só dalgunha forma, lene e fragmentaria. Nada comparábel ás defensas, escudos e valados que significan un aparello de Estado convencional a respecto do contorno ou contexto externo do seu espazo económico.

2. O “pensamento único”

No plano ideolóxico-político, asistimos á eclosión da ideoloxía ultraliberal erixida en monopolio do pensamento. O “pensamento único” entroniza o dogma do mercado como único principio de poder incuestionábel e perdurábel para o funcionamento da orde social, por riba e fóra do alcance da soberanía dos cidadáns e dos ámbitos do poder democrático institucionalizado, e impón a “desregulación” xeneralizada da actividade económica “privada” e das correlativas relacións sociais (nomeadamente as laborais).

O principio da soberanía do mercado exclúe calquera pensamento discrepante. O poder transmuta os instrumentos da *información* en poderes mediáticos de *comunicación* unidireccional que impoñen ideoloxemas enraizados no darwinismo social, nunha dinámica social atomizada que exclúe o principio da cooperación e estimula a erradicación da vivencia e do concepto mesmo de *comunidade*, e primordialmente de *comunidade nacional*, albo prioritario dos ataques do pensamento único, por terse revelado na historia contemporánea como a forma de comunidade

dotada de meirande cohesión e enraizamento na consciencia social dos pobos. Nestas coordenadas cobra pleno sentido a razón de ser das cruzadas do aparato ideolóxico ultraliberal nas nosas latitudes contra os nacionalismos emancipadores, correlativamente á exacerbación paroxística dos chauvinismos de Estado opresores como sucedáneo nunha dinámica perversa de alienación da cidadanía.

3. A substitución do “Estado-nación-social” polo “Estado-cosmopolita-penal”

No nivel político-institucional, proxéctase o correlato dos fenómenos e procesos anteriores, o que se traduce nunha metamorfose das superestruturas institucionais do poder político. Mentres se mantén formalmente, e mesmo se universaliza, o modelo de Estado estruturado conforme á consabida tripartición de poderes -lexislativo, executivo e xudicial-, a metamorfose opérase, por unha banda, no artellamento e xerarquía entre esas tres instancias do poder, e pola outra, na relación triangular entre poder social (nomeadamente poder económico), poder político e cidadanía.

Asistimos a unha auténtica subversión involutiva dos postulados democráticos nos que se asentaba a orde xerárquica e as engrenaxes entre os tres poderes: pásase dun ordenamento no que o lexislativo, expresión da soberanía cidadá, sobranceaba sobre o executivo mentres o xudicial pairaba como árbitro independente, a unha disposición na que o executivo independízase cada vez máis do lexislativo e determina máis cada pouco ao xudicial.

Esta perversa metamorfose trasládase de xeito máis descarado ás superestruturas supraestatais creadas nos procesos de integración económico-política hoxe en curso como a Unión Europea, e ás institucións políticas construídas pola “comunidade internacional” durante o longo período da chamada “guerra fría” a prol do indispensábel equilibrio e interlocución entre bloques como acontece coa ONU. A ONU, precisamente desde a implosión do bloque do Leste, resulta estar cada vez máis unilateralmente supeditada á hiperpotencia USA e mesmo suplantada sen reparos, chegado o caso, por unha organización militar como a OTAN.

Paralelamente, a metamorfose deu lugar a que o poder económico xa opere actualmente fóra do control do poder político (mercé ao combinado “desregulación máis privatización” xeneralizadas) e máis a que o poder político actúe de facto á marxe do control democrático dos cidadáns.

Entrementres, agudízanse e fortalécense os resortes e funcións medularmente represoras do poder político fronte ao medre das masas de cidadáns prexudicados nas súas condicións sociais de existencia pola perda dos instrumentos ou o abandono das funcións económicas, sociais e até culturais do modelo de Estado preexistente. En síntese, o proceso conduce tendencialmente *á substitución do Estado-nación-social polo Estado-cosmopolita-penal*, seguindo a lúcida visión coa que Loïc Wacquant asocia a atrofia deliberada do Estado social (mercantilización xeneralizada, desregulamentación laboral e desprotección) coa hipertrofia do Estado penal (criminalización da pobreza, endurecemento de penas e xeneralización das políticas de control e represión).

Habería que engadir tamén a esta diagnose que a tendencia -patente no proceso de globalización- á disociación diverxente entre estado, como aparato xurídico-político, e a cidadanía, como sociedade que é, dá lugar mesmamente á fractura das pontes existentes nos modelos anteriores entre cidadáns, grupos sociais, clases sociais e superestrutura xurídico-política.

4. Europa e Galiza

En contraste coas concepcións dos europeístas que nos anos 40 e 50 do pasado século ideaban unha vertebración de Europa acorde coa súa realidade socio-política e cultural -a Europa das “comunidades básicas”, ou sexa, os pobos e nacións con ou sen estado-, a globalización veu agravar unha tendencia que hoxe permite constatar a consolidación dunha unión económica -mesmo basicamente monetaria no cerne- eficaz para as estratexias e accións do grande capital transnacional pero moi precaria politicamente.

O afondamento do proxecto político europeo, a creación de institucións con verdadeiras competencias lexislativas e de goberno, segue a ser ollado como un atranco polas forzas económicas protagonistas da transnacionalización, e resulta boicoteado tamén polos grandes estados chauvinistas que, monopolizando a actual estrutura institucional, se ocupan de impedir a emerxencia cívica dunha nova Europa articulada desde a súa base plurinacional, pluricultural e plurilingüe.

No noso país, Galiza, coñecemos ben os efectos devastadores que para unha comunidade -a súa cultura, as súas posibilidades de desenvolvemento, a identidade e benestar dos seus integrantes- se derivan da sistemática negación da súa realidade nacional e do seu dereito a autodeterminarse. Velaí a razón pola que concibimos a nosa reivindicación dun espazo de libre decisión como a única e mellor defensa para garantir o benestar material, social e cultural de todos os galegos e galegas que poderían así, dotados de instrumentos de poder político acaídos a súa realidade (e vontade democrática), exercer plenamente como cidadáns.

* * * *

O modelo imperante é unha aposta fracasada: xera novas exclusións e novas formas de pobreza; lonxe de estender a paz e a resolución pacífica dos conflitos, introduce novas fontes de tensión, teoriza e practica a guerra preventiva; dificulta -malia a xeneralización da información- a comprensión do mundo; esnaquiza identidades culturais e equilibrios ecolóxicos seculares...Ademáis encerra un risco totalitario: afasta as decisións da cidadanía, promove novas formas de alienación, xustifica o recorte de liberdades.

A soberanía e organización políticas de realidades nacionais que responden a longos períodos de construción histórica representan hoxe, na nosa concepción, unha maior democratización, un freo ás prácticas imperialistas e á desarticulación da fráxil legalidade internacional. Estes espazos de identidade colectiva son unha base imprescindible para a construción da vida social e un antídoto contra o afastamento dos

centros de decisión a respecto das vivencias e arelas das sociedades realmente existentes. Un sustento ineludíbel das fórmulas participativas que deben complementar o exercicio do poder político representativo.

III. A imprescindíbel reforma do sistema de Institucións Internacionais

No marco da nosa activa participación desde 2001 no proceso do Foro Social Mundial, compartimos a necesidade de reformar en profundidade o sistema de institucións internacionais e subscribimos a Campaña Mundial impulsada polo Foro UBUNTU que sinala, entre outros graves problemas de urxente resolución para a humanidade: o risco de uniformización cultural, a diminución da influencia das institucións políticas perante a hexemonía do mercado e a debilidade e marxinación das institucións internacionais.

En consonancia coas consideracións que vimos de facer en torno á globalización, resulta evidente que cómpre *restituirle* á ONU o seu papel central nas relacións internacionais, reforzando e democratizando a súa composición e procesos de toma de decisións e asignándolle o control efectivo sobre as outras organizacións multilaterais globais.

Das ideas e propostas xeradas en torno aos obxectivos da reforma parécenos pertinente resaltar: a necesaria defensa da diversidade cultural, a promoción dun maior protagonismo parlamentar e cidadán e a constatación do ineludible peso de novos actores na esfera internacional, nomeadamente os movementos populares e sociais e as organizacións cívicas.

Mais o feito de que a propia Carta da ONU comece coa frase: “Nós os pobos das Nacións Unidas” e que a mesma historia desta organización vira cuadruplicarse os seus estados membros, asígnalle especial relevancia aos puntos de vista que enfatizan no proceso actual a soberanía dos pobos e o imprescindible avance cara o efectivo recoñecemento, entre os dereitos colectivos, daqueles polos que se expresan as identidades culturais e nacionais.

Así, o proceso de reforma das Nacións Unidas debera procurar unha *nova arquitectura institucional* que aumente as posibilidades de representación e participación e teña en conta os distintos niveis de goberno existentes, convertíndo, ao tempo, á organización internacional nun activo axente de democratización cara abaixo, tanto na esixencia do respecto polos dereitos humanos como no apoio e promoción dos dereitos e poder políticos dos pobos sen pleno recoñecemento da súa soberanía.

En boa lóxica, desde a nosa perspectiva, é dicir, dada a nosa condición de nacións-sen-estado, os criterios para unha nova arquitectura institucional das UN deben basearse nos conceptos de “pobo” e “nación”, restituíndolles a plenitude do seu valor como significantes socioculturais e sociopolíticos que expuxemos na primeira parte desta ponencia, partindo de Otto Bauer, como contrapostos ao fenómeno estritamente superestrutural e continxente dos estados. *É a morfoloxía dos estados a que debe axustarse ás realidades sociais dos pobos e nacións, e non ao revés.* Pois ben, ese mesmo criterio de congruencia ou correspondencia de abaixo arriba debe orientar a reforma das institucións políticas mundiais, para que sexan cabalmente inter-nacionais e non subrepticamente inter-estatais. *Compre que a arquitectura das Nacións Unidas se axuste a ese concepto, no canto de seren uns Estados Unidos disfrazados baixo a denominación de ONU.* Trátase de facermos coincidir *significante* con *significado*, no senso de Saussure, ou mesmo tamén coa *significación*, no senso de Barthes. *E trátase asimesmo, polo demais, do mesmo enfoque que adoptamos cando reclamamos que a Unión Europea articule a Europa dos pobos no canto de representar á Europa dos estados.*

Este enfoque, ademais, reforza dúas aspiracións que cobran unha especial relevancia no contexto actual: a democratización real e efectiva das sociedades, e o restablecemento do deseño orixinariamente multicéntrico das Nacións Unidas. A democratización, ou re-democratización, das relacións sociais e políticas é a resposta necesaria ao deterioro da relación entre Estado e cidadanía que padecen as institucións dos aparatos de estado actuais. É un dos temas máis candentes nos FSM, e é asimesmo un dos factores determinantes da reactivación e proliferación das organizacións sociais e

cívicas que veiculizan o exercizo da democracia participativa por parte dos cidadáns na xeneralidade dos pobos do planeta. E o redeseño multicéntrico das Nacións Unidas é unha resposta indispensable tanto á uniformización sociocultural e identitaria canto á polarización centrípeta do poder que padece a humanidade na globalización capitalista e ultraliberal.

Samir Amin sinalaba na Conferencia de Barcelona, organizada por UBUNTU en setembro do 2004, eses dous obxectivos. Por unha banda: “O espírito da Carta das Nacións Unidas impulsa unha visión multicéntrica da globalización. Por iso se entende a organización de formas de globalización baseadas no principio de negociación, única garantía de auténtico respecto á diversidade considerada en todas as súas dimensións (económica, cultural e política): certamente, culturais e lingüísticas, pero tamén as que son o resultado histórico das desigualdades do desenvolvemento económico. O multicentrismo respeita a todos os estados, a todas as nacións, “grandes” ou “pequenas”; acepta que cada un deles constitúe, de certo xeito, un centro en sí mesmo e que, polo tanto, a interdependencia que entraña a globalización debe saber convivir coas esixencias lexítimas das visións “autocentradas” do todos os socios. Así, a globalización é “negociada” e, se non é absolutamente igualitaria, cando menos está concebida para paliar as desigualdades, e non para contribuír a afondalas. Conciliar, por unha banda, esas diferencias materiais e, pola outra, as esixencias universais de paz, democracia e desenvolvemento solidario, velaí o desafío.” E logo, por outra banda: “Restituír á ONU (as súas funcións esenciais) non implica voltar á afirmación da soberanía absoluta dos estados, considerados como os únicos representantes dos pobos. (...) desenvolveremos unhas propostas que aspiran a substituír a soberanía exclusiva dos estados pola dos pobos, na perspectiva da democratización das sociedades.”

Na mesma Conferencia de Barcelona de setembro do 2004, Birgitta Dahl recordaba e facía súa unha afirmación feita hai xa ben anos por Kwane Nkrumah, quen dixera: “Para ser un bo internacionalista, primeiro compre ser un bo patriota”. E confesa ela: “Para min e para os meus amigos radicais de ideas afíns, que loitabamos polo internacionalismo, de primeiras pareceunos “anticuado” falar de “patriotismo”. Trabuqueime. Tiña razón el (Nkrumah)”. E conclúe pola súa conta Birgitte Dahl:

“Considero que é importante, na realidade múltiple de hoxendía, ter unha identidade clara e preservar as tradicións culturais. É no achegamento activo das culturas onde pode radicar un novo e ricaz desenvolvemento.”

Consideramos, xa que logo, perfectamente asumíbeis por nós, e coincidentes no fundamento e na orientación, os tres “cambios paradigmáticos” que Birgitte Dahl propón, e coidamos seren singularmente relevante para as nacións-sen-estado o primeiro e o terceiro deles, reformulados desde a nosa propia perspectiva. O primeiro: “Propoñemos que as UN inicien de forma activa redes de política local coa participación, diferente en función da cada problema, de gobernos, parlamentos nacionais (estatais ou subestatais, sinalamos nós), a sociedade civil, ONG, o mundo académico e o sector privado. A idea é que socios con ideas afíns se unan, xunten as súas forzas, para tentaren transformar o mundo”. O terceiro: “Propoñemos que os parlamentos nacionais (estatais ou subestatais, volvemos pontualizar) asuman o rol de convertírense en controladores activos para exercerem o control parlamentar do(s) goberno(s), inclusive en cuestións internacionais e problemas relacionados coas Nacións Unidas. Os parlamentos nacionais (estatais e subestatais, insistamos) deberan recibir todos os documentos relevantes da ONU ao mesmo tempo que os gobernos. (...) Débese afortalar a representación parlamentar nas delegacións nacionais (non só estatais, logo) que elevan propostas á Asemblea Xeral e aos cumios globais.”

A globalización económica pon en relación económica directa aos espazos subestatais entre si para alén ou por riba das relacións interestatais. No plano político isto xustificaría que os espazos subestatais adquiran maior protagonismo na estruturación institucional da comunidade internacional. Isto pode ser aplicable ás rexións pero de xeito especial ás nacións sen estado. As nacións (sen estado) reúnen unhas características en canto á vontade política que permite sumar á lóxica estritamente económica a lóxica política á hora de atribuírle o dereito de representación institucional nos organismos inter-nacionais.

Toda representación de unidades descentralizadas leva aparellada unha maior democratización por aproximación á cidadanía, pero cando se trata das nacións sen

estado ese paso na democratización é cualitativamente superior polo que significa de recoñecemento dunha persoalidade colectiva expresada politicamente. Neste eido e para complementar certo discurso da esquerda mundialista compriria sistematizar a argumentación de porqué a democracia mundial é inseparábel dos dereitos colectivos dos pobos, a importancia do “recoñecemento” da diversidade e das diferencias como base da igualdade sustantiva (non só económica, portanto).

Á hora de plantexar a representación das nacións sen estado nun eventual parlamento mundial podería ser pertinente diferenciar dous grandes tipos: as nacións sen estado que de forma maioritaria aspiran á súa independencia e as nacións sen estado que se consideran axeitadamente recoñecidas e representadas no marco do Estado do que forman parte. Aínda que non é unha diferenciación simple cabería pensar na súa utilidade. En todo caso, compe insistir en que a democratización das institucións internacionais debe ir aparellada á súa asunción explícita e activa do dereito de autodeterminación como elemento básico da democracia no mundo. Polo tanto, esas novas institucións internacionais deben adoptar medidas para garantir a participación activa nas mesmas das nacións sen estado de xeito pleno e normal. A súa efectivización real faría que deixase de existir esa categoría de “nacións sen estado” (polo menos as que aspiran á plena soberanía). Unha segunda opción, entre tanto as nacións sen estado seguen a ser unha realidade é que se establecese un mecanismo para a súa representación directa nese “parlamento mundial”. Ou ben, como terceira opción, cabería pensar nunha representación nunha *cámara paralela de nacións sen estado*.

Con base neste enfoque e nestes criterios cardinais, pronuciámonos a prol da creación dun Parlamento Mundial. Ben sexa nos termos da proposta sometida a debate na Conferencia sobre a reforma da ONU de Barcelona, 2004: “A creación dunha Asemblea de Representantes independente (Parlamento Mundial), con funcións consultivas no seo do sistema da ONU, e a realización de Referendos mundiais con categoría consultiva poderían contribuir de forma importante á mellora do funcionamento democrático do sistema”. No deseño desa cámara, deberían ter presenza, mediante representantes electos nos seus eidos propios, as nacións-sen-estado que optasen por esa fórmula. Ou ben sexa segundo o deseño dun sistema



Fundación
GALIZA
SEMPRE

bicameral para a reforma das institucións políticas internacionais, tamén contemplado na mesma conferencia de Barcelona (“Sistema bicameral que represente aos estados e os cidadáns do mundo”), e recollido por Heidi Hautala (“Parlamento bicameral: assembleas elexidas directa (PM) e indirectamente (AG)”) -só que reempazando o suxeito institucional “estado” polo suxeito de soberanía política “nación” ... con ou sen estado propio. Pode semellar utópico: non o é máis do que o obxectivo mesmo de democratizar o entramado institucional das actuais Nacións Unidas.

Fundación Galiza Sempre www.galizasempre.org

Bloque Nacionalista Galego. BNG www.bng-galiza.org

EFA-ALE . Alianza Libre Europea. www.e-f-a.org